



Economía Galega e Autonomía Política¹ ***Xosé Manuel Beiras Torrado***

Hai agora vinte e cinco anos - todo un cuarto de século, xa - Galiza estreaba autogoberno, en forma de autonomía política regulada nun Estatuto plebiscitado aquí e promulgado como lei das Cortes españolas, no marco da Constitución inda hoxe vixente. Por primeira vez na súa historia, Galiza ía dispor do que até daquela carecera: institucións e trebellos de acción política propia, democraticamente protagonizada pola súa cidadanía, ou sexa, polo pobo galego en canto tal. Non vou abordar aquí a temática desa autonomía política, nin a problemática desa modalidade restrinxida de autogoberno mediante carta outorgada polo poder legislativo do Estado español: non me corresponde, porque sobordaría os lindes da "área de coñecemento" na que levo case que catro decenios a impartir docencia, a tentar transmitir saberes e inducir a matización reflexiva, con máis certo proveito para min mesmo do que, seguramente, para os meus interlocutores estudantes. Voume cinxir, por tanto, ao meu peculiar eido docente, o da estrutura económica, proxectar a análise estrutural sobre a nosa propia realidade e relacionala, iso si, con aquela faciana ou dimensión da autonomía política que estritamente lle atinxe: a da política económica factíbel no marco institucional establecido. E fareino a xeito dun simple bosquexo, sen pretender, xa que logo, o logro dun retrato acabado - pretensión ilusoria para as miñas posibilidades e fóra de cacho nunha sesión académica inaugural como esta.

Para encetar ese bosquexo, convirá deseñar a situación de partida e sinalar o contexto no que a economía galega e a política autonómica, en interrelación recíproca, ían desenvolver a súa andaina até hoxe. Por tanto, son inicialmente tres as dimensións do escenario a considerar: feitío estrutural da economía galega de entón, marco institucional da política económica aplicábel, e condicionantes esóxenos actuantes dende o contorno ou contexto externo.

Nas dúas primeiras dimensións, a clave reside na existencia ou non dunha diagnose correcta da patoloxía socioeconómica da realidade, indispensable para orientar con acerto a acción institucional de política económica. De feito, resulta obvio, como cuestión previa, que todo deseño de política económica ten que estar dotado da consistencia metodolóxica e do entramado teórico referencial acaídos para dárenlle congruencia. Sen iso, cáese fatalmente nun practicismo rudimentario, e daquela o

¹ Discurso inaugural lido no acto de apertura do curso académico 2006-2007 na Universidade de Santiago de Compostela, o 2 de outubro de 2006. Foi posteriormente publicado pola Fundación Galiza Sempre (www.galizasempre.org) no número 6 da súa colección Ideas impresas.



poder actuará ás atoutiñadas, dando paus de cego que implicarán enormes custes de oportunidade e de estrago de recursos e fondos públicos nutridos por prestacións da cidadanía, e que a máis elemental responsabilidade política obriga a asignar e administrar con rigor en función de prioridades e obxectivos definidos. Noutras verbas: só unha fundamentación teórica idónea e unha metodoloxía axeitada poden dotar ao deseño de política económica da racionalidade e lóxica interna que a fagan viábel e congruente no seu conxunto. Mais ese deseño non constitúe un exercicio académico, senón que vai destinado a actuar sobre unha realidade social, e por tanto ten que basearse nos resultados dunha análise veraz e seria da estrutura económica do país e da súa posición no contexto externo, é dicir, nunha diagnose correcta da súa patoloxía socioeconómica. Só a partir desa condición poderá a acción política operar sobre esa realidade para transformala nunha dirección progresista, é dicir, orientada cara ao benestar do común cidadán, e non ao proveito de quen corresponda.

Na altura en que dá comezo a andaina autonómica, Galiza dispón xa do colectivo científico capaz de facer a diagnose certa da súa problemática económica. E de facela por introversión, con lentes propios, e non por extrapolación nin aplicación mimética de esquemas elaborados sobre realidades cualitativamente distantes. Permitídemme demorarme un chisco na glosa destas dúas aseveracións.

O colectivo científico, primeiro. Cando sobrevén a autonomía política, a Facultade de Ciencias Económicas da Universidade compostelá leva só tres lustros de existencia. Mais ese breve período, máis breve aínda en coordenadas de tempo histórico, fora abondo para darlle un xiro copernicano ao panorama da ciencia económica no noso país. Coa creación da Facultade de Económicas, "a economía política ingresa na nosa universidade e a nosa universidade ingresa na economía galega": díxeno nestes termos, aínda hai poucos meses, nun acto académico no que a Universidade de Vigo tivo a xentil deferencia de convidarme a falar, e reitéroo hoxe aquí. O veloz e intenso proceso de desenvolvemento daquela Facultade compostelá, matriz das dúas outras nadas logo por partenoxénese no sistema universitario galego, e hoxe en plena madurez, ese veloz desenvolvemento, digo, xerou ben axiña a creación dun corpus e unha escola de pensamento económico en clave galega. En dous planos ou niveis. Un, o da investigación aplicada da realidade socioeconómica do noso país. Outro, o da angueira especulativa de elaboración, ou transformación adaptativa, segundo os casos, dun marco teórico de categorías conceptuais e trebellos metodolóxicos acaídos para o seu emprego na devandita análise da economía galega. E entendédeme ben: cando falo dun corpus e unha escola de pensamento non quero dicir que sexa homoxéneo e inda menos uniforme nos seus contidos, porque non o é. Afortunadamente. Refírome a unha cuestión de índole epistemolóxica. Refírome a que nin o saber é neutral, nin son tampouco neutrais as formas e vieiros de acceso ao saber. Menos aínda no eido das ciencias sociais. Os



lentes cos que se esculca en diferentes realidades nin son iguais nin intercambiábeis, de xeito que cando se esculca nunha realidade con lentes trabucados, a visión resulta deformada. Pois ben: até a entrada en escena da Facultade de Económicas, os lentes cos que se adoitaba contemplar e examinar a economía galega, agás moi contadas excepcións, eran non só trabucados, senón mesmo os da óptica antitética da necesaria e acaída para chegar a unha diagnose correcta e valedoira da nosa realidade social. A remuda deses lentes é o que fixo o colectivo científico formado a raíz do ingreso da economía política na universidade galega, primeiro en Compostela e logo tamén en Vigo e na Coruña: desbotaron os lentes do oposto dialéctico e trocáronos por outros de fabricación propia. Só nese senso falo dun corpus e unha escola de pensamento económico e investigación aplicada en clave galega -da conxunción do universal co particular, como cómpre en todo saber científico-social non alienado.

Isto acontecera xa cando se bota a andar a autonomía política, e por tanto existía xa daquela unha diagnose, ou un conxunto de diagnoses, valedoiras para orientar nunha dirección correcta os criterios, obxectivos e mesmo prioridades dunha política económica autónoma. Outra cousa é que as institucións políticas criadas no Estatuto dispuxesen ou non das potestades decisorias e dos instrumentos operativos necesarios para poñérenas en obra. Outra cousa, aínda, é que o poder político, ou os seus usufrutuarios, estivesen ou non polo labor. E finalmente, aínda é cousa distinta tamén que o contexto envolvente - tanto económico coma sociopolítico e institucional - nos ámbitos concéntricos español, europeo e do sistema mundial, favorecesen ou dificultasen, propiciasen ou atrancasen, a aplicación da terapia axeitada para a curación da patoloxía socioeconómica da Galiza de entón. Mais diso, mesmamente, quixera ocuparme un algo a seguida.

O abano de diagnoses económicas xa existentes hai un cuarto de século - moitas delas fragmentarias, por referírense a fenómenos específicos, e algunhas poucas globais - formaba un repertorio análogo ao das variacións sobre un tema na composición musical. De feito sendo diversas - variadas - contiñan todas no cerne unha mesma idea matriz: o carácter subdesenvolvido do feitío estrutural da base económica galega, e máis a súa posición e imbricación periférica e dependente no conglomerado de formacións sociais integrantes do sistema económico mundial. Na terminoloxía da época, diríamos que Galiza non era periferia "afastada", mais si periferia "próxima": mostraba e padecía unha estrutura subdesenvolvida e unha condición periférica, inda con estar situada no espazo económico do centro do sistema. Estaba en Europa, mais era "periferia europea", por aplicármolle a expresión recentemente acuñada daquela polo malogrado Dudley Seers. Desa matriz diagnóstica común desprendíase, como corolario, un postulado decisivo para o deseño dunha política económica autóctona, a saber: que a súa lóxica interna tiña que fundamentarse na teoría e a metodoloxía do desenvolvemento de



economías periféricas, subdesenvolvidas, ou non desenvolvidas conforme aos modelos e procesos históricos que caracterizan ás formacións sociais do centro do sistema capitalista. Dito á inversa ou repetido por pasiva: que a política de desenvolvemento para as formacións periféricas, e por tanto para Galiza, non podía consistir na simple reprodución a escada reducida das pautas e modelos de política económica aplicábeis ás economías avanzadas do centro, senón en algo cualitativamente diferente no seu cerne, pois que cualitativamente diferente era tamén a súa xenuína problemática cardinal - mesmamente aquela que cumpría resolver para *normalizar* a estrutura económica do noso país, ou sexa, a que até daquela non fora resolta e constituía unha *patoloxía endémica*. Eis o reto primordial que deberían de afrontar as recentemente criadas institucións políticas de autogoberno en forma de autonomía, tanto as do poder lexislativo - Parlamento - coma as do executivo - goberno ou Xunta de Galiza. Mais, tiñan as potestades e recursos axeitados para facéreno?.

O deseño constitucional español do 1978 non é o dun Estado federal ou confederal - como o suízo, o alemán, ou mesmo, actualmente, o belga - senón o do denominado usualmente "Estado das Autonomías". Significa isto que non se fundamenta en diferentes suxeitos e fontes de soberanía e poder político articulados mediante un "pacto federal" para construíren un Estado común a todos eles de abaixo arriba, mantendo cada un a súa soberanía de decisión política nos niveis, ámbitos e condicións estabelecidos no pacto constituínte da federación ou confederación. Por tanto, un Estatuto de autonomía non é equivalente á constitución dun Estado federado con outros nunha estrutura federal común. Un Estatuto é unha carta outorgada, en forma de lei orgánica, polas Cortes dun Estado baseado constitucionalmente nun único suxeito de soberanía política - o "pobo español" (art.1.2) - definido ademais como unha única nación - a española (art. 2). E unha Comunidade Autónoma tampouco é equivalente a un Estado federado - por exemplo, calquera dos "Länder" na RFA, ou Flandres e Valonia no Estado federal belga - senón que é simplemente unha peza da "organización territorial do Estado", conxuntamente coas provincias e os concellos, todos eles dotados de "autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses" (art. 137). Trátase, pois, dun modelo descentralizado de administración territorial, deseñado no famoso Título VIII da Constitución, que combina dúas castes diferentes de entes territoriais: os da "administración local" de sempre - concellos e deputacións provinciais - dotados de autonomía *administrativa*, e a nova figura - as Comunidades Autónomas - titulares de autonomía *política* e dotadas de cámara lexislativa e goberno - na Galiza, como dixeran, o Parlamento e a Xunta.

Desculpade este excursus fóra dos lindes do que se adoita entender por economía, mais non do meu eido da Estrutura e os Sistemas Económicos, que abrangue necesariamente a superestrutura xurídico-política, tanto na tradición historicista



dende Werner Sombart, coma na marxista dos modos de produción e as formacións sociais. Porque o caso é que estimo indispensábel ter en conta a índole das institucións políticas da autonomía galega, no marco da Constitución e o Estatuto, para comprendermos unha cuestión crucial, a saber: se o deseño xurídico-político desas institucións de autogoberno as capacitaba ou non para afrontar o reto enunciado máis arriba, é dicir, a elaboración e execución dunha política económica que abordase frontalmente a patoloxía do subdesenvolvemento e remediase o atraso. Noutras verbas: se dispuñan do poder de decisión necesario para desenvolveren unha política independente e necesariamente atípica a respecto dos modelos concibidos nas pautas do centro.

Vexamos. O Estatuto de Galicia establece varias castes de competencias, ordenadas polo seu rango en marxe de decisión autónoma. Primeiro están as "exclusivas" en sentido propio, ou sexa, sen outro límite que os preceptos da propia Constitución (art. 27). A seguida sitúanse as que atribúen o "desenvolvemento legislativo" da "lexislación do Estado" (arts. 28, 33 e 34) e finalmente no nivel inferior, as que só atribúen a "execución" desa mesma lexislación estatal (art. 29). Pois ben: se rastrexamos as áreas temáticas cruciais para unha estratexia autóctona de desenvolvemento da base económica galega, comprobaremos que no eido competencial "exclusivo" só figuran incluídas a ordenación do territorio, a rede viaria non estatal, os montes, a pesca en augas interiores e o turismo. Noutras de análoga relevancia estratéxica, como a ordenación do sector pesqueiro, os seus portos, ou o réxime mineiro e enerxético, as competencias só permiten o "desenvolvemento e execución" da lexislación estatal. O mesmo ocorre nas áreas dunha política de "benestar social" - decisiva para unha formación subdesenvolvida - como son a sanidade e a seguridade social. E en materia laboral só cabe a "execución" - non sei se aínda a "garrote vil" - da lexislación ditada polo poder central.

Ora, existe aínda outra caste de competencias que o Estatuto denomina "exclusivas", mais coa particularidade de estaren sometidas, non xa aos preceptos constitucionais, senón ás "bases" que estableceza a "política do Estado", ou sexa o poder central. Resulta curioso, de primeiras, que nesta caste de competencias tildadas de "exclusivas", pero que non o son, aparezan incluídas precisamente áreas determinantes para un modelo estratéxico de desenvolvemento da base produtiva galega. Non me vou resistir a enumerárvolas. Primeiro, sectores clave no tecido produtivo: industria, agricultura e gandería. Logo, comercio interior e consumo. A seguida, intermediarios financeiros: Caixas de Aforros e "institucións de crédito corporativo, público e territorial". Finalmente, unha xويا de "brinde ao sol", fágovos lectura textual: "Sector público económico de Galicia". Mal sabían os redactores do Estatuto que non só non se crearía un sector público galego, senón que se



volatilizaría o estatal existente daquela, e en cuxa xestión, por certo, se atribuía participación á "Comunidade Autónoma Galega".

Dixen antes que, de primeiras, resultaba curioso o contido destas competencias falsamente "exclusivas". A curiosidade disíbase se desvelamos a qué decisións políticas do Estado se somete a "exclusividade" desas competencias galegas. Explicítao o propio Estatuto: "De acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado". Dito en prata: non se concede liberdade de decisión ao poder autónomo para elaborar e executar unha política macroeconómica propia, e por tanto aínda menos para unha política de desenvolvemento autocentrado deseñada cos lentes da periferia, ou sexa, como antes dixera eu, con lentes de "fabricación propia". Esta é a resposta que dá o propio texto do Estatuto á pregunta formulada hai un pouco: tiñan as recentemente criadas institucións de autogoberno potestades e armas axeitadas para afrontar o reto de poren remedio á patoloxía estrutural do subdesenvolvemento?. Pois non, evidentemente non.

Ficaba, con todo, unha porta aberta. O artigo 131 da Constitución establece que "o Estado poderá planificar a actividade económica xeral para atender as necesidades colectivas, equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional e sectorial, e estimular o crecemento da renda e da riqueza e a súa máis xusta distribución". Música celestial, diríamos hoxe, e que por tanto non é deste mundo - como demostraron os case trinta anos de idade desta norma constitucional. Mais, fóra rexoubes irreverentes, ao que vou é a que, nese mesmo precepto, establecíase que o goberno central elaboraría esa planificación económica "de acordo coas previsións que lles sexan subministradas polas Comunidades Autónomas". Por esa porta podía participar o poder autónomo galego na elaboración das "bases" da política económica estatal á que tiñan que someterse as devanditas competencias "exclusivas" súas. Dese xeito até podería resultar razoábel a limitación imposta á exclusividade competencial nesas materias, e cobraría sentido a potestade de "fomento e planificación da actividade económica en Galicia" que atribúe o Estatuto ao poder galego. Sería un xeito de artellar a política macroeconómica da Xunta coa do Estado no seu conxunto. Sería, si. Mais o caso é que ese artigo 131 da Constitución endexamais se aplicou; ese precepto constitucional foi conculcado dende o comezo e convertido en letra morta. E foino, primordialmente, para non ter que darlle "cancha" ás comunidades autónomas - e nomeadamente ás tres máis problemáticas: as dotadas de identidade nacional e proxectos nacionalistas propios, non só políticos, senón tamén de estratexia económica emancipadora.

Até o punto de que, xa dende os primeiros mandatos socialistas, e para non violar literalmente o artigo 131 da Constitución, os sucesivos gobernos españois nunca abordaron a "planificación da actividade económica xeral" senón só plans sectoriais -



como os das diversas "reconversións" - pois que para eses a *letra* da norma constitucional non esixía contar co poder autónomo. Só que o esixía o Estatuto galego (art. 30.7), que atribuía competencia, tamén "exclusiva", para "o desenvolvemento e execución en Galicia" dos "plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos". Mais, que importaba iso?. Xa se viu na reconversión naval, na siderúrxica, na agrogandeira, na pesqueira, e así seguido. A fin de contas, se as directrices se formulaban en leis orgánicas, tiñan o mesmo rango na xerarquía das leis que o propio Estatuto. E se non o tiñan, de todos xeitos nin a Xunta nin o Parlamento galego se ían arrepoñer: non se arrepuxeron seriamente nunca en vinte anos.

Retornando agora ao achegamento inicial desta miña análise, sinalaba eu tres dimensións do escenario a considerar: a da diagnose estrutural da economía galega no punto de arranque da autonomía política; a do marco institucional da política económica aplicábel; e a dos condicionantes dados polo contexto externo. Reparemos agora nesta última dimensión, tanto máis relevante canto que a economía galega era daquela - e fórao sempre nos tempos modernos - como unha célula sen membrana, un organismo esfolado, un espazo sen fronteiras. Quero dicir que as fronteiras non son un fenómeno físico, nin xeográfico, nin económico, senón institucional. Venme á memoria unha fermosa entrevista de Julio Cortázar na radio francesa, conducida polo noso paisano Ramón Chao, no que falaba das fronteiras, e dicía que non eran as liñas que aparecían nos mapas, que esas non se percibían na realidade, o mesmo que non se vía o ecuador - e relataba, coa súa fascinante diafanidade verbal, como nas súas viaxes entre Francia e Arxentina en transatlántico, cando se achegaban ao ecuador, o comandante da nave informaba do evento aos pasaxeiros, e a xente debruzábase na borda coa ollada fita no mar, mais non vía liña ningunha, nin rastro do tal ecuador. Descúlpenme o excursio nin tan sequera literario. Estaba a dicir que as fronteiras son fenómenos institucionais, márcanas institucionais como as alfándegas e os aranceis, a moeda de curso legal, o sistema tributario, o dereito civil ou laboral - e, no cumial, o ordenamento xurídico-político do poder do Estado, cun ámbito territorial e cidadán de vixencia. De case que todo isto careceu Galiza sempre dende o amencer da idade moderna : en todo ese período, "Galiza sen fronteiras" foi unha realidade sempre - non era preciso reivindicala para entrarmos na post-modernidade. Hai cento catorce anos, nesta mesma Universidade compostelán, o catedrático de Economía Política Alfredo Brañas, nunha lección inaugural que fai palidecer esta miña, despois de disertar sobre "La crisis económica de nuestro tiempo" - a crise finisecular do XIX que marca o declive da hexemonía británica - reivindicaba para Galiza lexislación civil e mercantil propia e exclusiva, institutos armados propios e - asómbrense - até bater moeda. Brañas reclamaba fronteiras institucionais para Galiza - e chámalo "rexionalista".



Mais, ao que vou : a economía galega carecía de superestrutura institucional propia, era unha "economía rexional" no rigor semántico do termo - como o era a da Irlanda do tempo de Brañas, non do noso. E, mesmamente, a creación de institucións políticas autonómicas, cuns ámbitos persoal e territorial de poder, dotaba dalgunha forma de fronteiras á formación social galega. Mais só dalgunha forma, lene e fragmentaria. Nada comparábel ás defensas, escudos e valados que significan un aparello de Estado convencional a respecto do contorno ou contexto externo do seu espazo económico. Os profesores composteláns Fernández Leiceaga e López Iglesias, nun excelente tratado sobre a estrutura económica de Galiza, subliñan con agudeza os fenómenos aos que estou a referirme como "especificidades das economías rexionais" : "unha superior abertura exterior e especialización produtiva" - e por tanto unha "integración comercial e factorial" que "produce a sincronización do ciclo económico rexional co estatal" ; "o carácter interrexional de boa parte - a grande maior parte - das relacións económicas exteriores" - e así pregúntanse e respóndense : "Por qué Galiza comercia tradicionalmente máis con Madrid ou Barcelona que co Porto? Pola pertenza a un mercado nacional unificado : as fronteiras desaparecen (...)" ; e, ao cabo, "a ausencia dunha política económica propia" - pero rexistran tamén que "coa construción do estado autonómico supérase parcialmente a inexistencia dun aparato estatal", non sen engadiren: "aínda que o carácter aberto da economía resta virtualidade" aos instrumentos da política económica reguladores do ciclo interno.

Pois ben, o primeiro fenómeno relevante que quero sinalar no contexto externo da economía galega, á altura do arranque da autonomía política, é o da profunda e prolongada crise desencadeada no centro do sistema económico mundial dende comezos dos anos setenta (1973), a raíz da chamada "crise do petróleo" e da supresión unilateral, polo Goberno norteamericano, da convertibilidade do dólar como valuta do SMI. Esa crise non só vai afectar ao ciclo da economía mundial, senón que vai inducir unha relevante metamorfose estrutural no sistema capitalista e no rol do Estado, como poder político, na regulación da economía e das relacións entre as clases sociais. Non é posíbel nin oportuno entrarmos aquí nesa problemática, mais quero aludir a algúns fenómenos que considero determinantes para a análise que estou a desenvolver.

Primeiro, no plano do ciclo ou, se preferides, da conxuntura. A onda contractiva xerada pola crise chega á economía galega cun certo tempo de desfase, como chegan as vagas dun maremoto ás ribeiras máis afastadas do epicentro do sismo. Mais desde que chegan, os efectos do impacto dúplícanse en gravidade - primordialmente pola debilidade estrutural do sector "moderno" da nosa economía, e máis porque pilla a estrutura da nosa base produtiva en proceso de veloz metamorfose. Só vou reparar, como mostra, no fenómeno seguinte. Durante o



precedente período de expansión - anos 50 a 75 - os sectores da industria, a construción e os servizos, na economía galega, non deran absorbido toda a forza laboral excedente acubillada nas atrasadas estruturas agrarias - que sobordaba o 50% da poboación activa do país. A válvula de escape fóra o "aliviadero de la emigración" - descarnadamente chamado así na época - que acadara o seu apoxeo en dirección a Europa. Mais a crise nos países de destino pechara as comportas europeas dese "aliviadero" emigratorio, ao tempo que o impacto da crise nos sectores dinámicos galegos recortara drasticamente a súa capacidade de absorción de paro encuberto no campo, e que, por riba, a modernización - mellor diríamos a mecanización - da economía agraria daquela en curso, financiada polas remesas dos emigrados, seguía a expulsar forza de traballo das súas estruturas. Por certo : mentres tanto, o recentemente estreado poder autónomo, teimaría en repetir "ad nauseam", até antonte mesmo, que seguía a sobrar xente na agricultura, así, sen contextualizalo. Hoxe aseméllase a un deserto verde ... e pardo - refírome ao cromatismo dos eucaliptais e dos montes queimados. Pois ben : o resultado inmediato foino a velocísima alza dos continxentes e taxas de paro - fenómeno ben estudado, xa dende os anos oitenta, por varios solventes profesores de Económicas. A consecuencia que máis me importa sinalar : o novo poder político atopouse, dende o comezo, cun escenario económico rotundamente diferente do coñecido até daquela, imprevisto, e sen poder de decisión nin armas axeitadas para facerlle fronte, aínda no suposto de que tivesen imaxinación para intentalo. Lembrede - díxeno antes - que en materia laboral, por exemplo, as competencias da autonomía só eran de "execución" - sen "garrote" agora - da política estatal. Até tal punto era imprevisto ese escenario, que o flamante sistema de financiamento da autonomía deseñado neses intres incluía, como un dos baremos favorecedores dos ingresos públicos galegos por transferencias, un coeficiente por taxa de emigración - xusto no intre no que ese fluxo cesaba "a fortiori".

Con todo, a consecuencia da crise que considero máis gravemente perniciosa para a economía e a política autónoma galegas na súa mutua relación derívase, non da conxuntura cíclica, senón da metamorfose que xera no sistema capitalista neste último cuarto de século. Refírome - xa o sospeitarán - ao contexto da chamada "globalización", a irrupción da ideoloxía e a política ultraliberal - os máis mesurados ca min din "neoliberal" - e o retorno do capitalismo salvaxe - tamén apelidado "neo-americano" - coa liquidación do modelo dito "renano" no capitalismo europeo continental da fase de expansión, edificador do "Welfare State" ou Estado do benestar. Permitíndeme unha breve sinopse sobre esta cuestión, ao meu ver decisiva para a andaina da economía e a sociedade galegas no tempo que levamos de autonomía política.

Non vou determe a definir a "globalización", como fase e modalidade máis recentes do proceso de transnacionalización e mundialización do capitalismo. Tampouco vou



analizar a crise - ou a condena ao ostracismo - do modelo keynesián de diagnose e acción política macroeconómica. Nin falar do final do fordismo, como modelo de organización das forzas produtivas. Xa abonda que estea a torturalos a vostedes como non se merecen, pero aínda non me volvíñ sádico. O que si vou, con todo, é abusar un chisco máis da súa paciencia para subliñar un par de elementos da posíbel sinopse da globalización neoliberal que considero causas cruciais, como variábeis esóxenas, do fracaso da política autonómica en pór remedio aos focos patóxenos primordiais da nosa condición periférica subdesenvolvida. Ou, dito en expresión máis directa e descarnada, do *fracaso neoliberal na Galiza* - como rotula o profesor Xavier Vence un seu recente e espléndido volume de ensaios sobre esta problemática, intelectualmente rigoroso, lúcido e valente.

Un deses elementos sitúase na instancia da estrutura económica. O outro, na da superestrutura política. O primeiro podería enunciálo así : o ascenso á posición sobranceira, e mesmo hexemónica, do capital na forma diñeiro, ou "capital bancario", sobre o capital na forma produtiva, ou "capital industrial". Esta mutación estrutural na posición relativa de cada unha das tres formas do capital - a outra é, como se sabe, o "capital mercadoría", ou "capital comercial" - leva aparellados varios corolarios relevantes, dos que só aludirei aos seguintes. O predominio - determinante - da esfera da circulación, e en singular dos mercados financeiros, sobre a esfera da produción, e por tanto da asignación de factores ou forzas produtivas, e nomeadamente da forza de traballo - coa correlativa repercusión, de retorno, no mercado laboral. Isto leva aparellada unha crecente disxunción entre produtividade nos procesos produtivos e rendibilidade do capital-accións, que atinxe, agudizándoa, á contradición entre esas dúas lóxicas, sempre existente dentro da lóxica cardinal de asignación de recursos e da "racionalidade" do sistema. Ora, a valorización do capital opérase na esfera da produción, onde se xera o máis-valor ou incremento de valor, que só se realiza na esfera da circulación, transformada en ganancia. Mais a valorización no proceso produtivo require unha duración, un "tempo de maduración", mentres que a súa realización poder ser instantánea - por exemplo unha operación bursátil nos mercados financeiros. A desregulación, é dicir, a supresión de calquera caste de control ou pexa á plena liberdade de circulación internacional dos capitais e operacións nos mercados financeiros, exacerba o problema enunciado, ademais de abrir francas as portas á proliferación de operacións exclusivamente especulativas que constitúe un dos fenómenos máis perniciosos entrañados na globalización financeira, até tecer unha fantasmagoría de valores virtuais que enmascara e diverxe progresivamente da economía real.

Os efectos distorsionadores na economía mundial están ben á vista na crónica destes últimos decenios. Graves no centro - e velaí está, por dar unha mostra, o fenómeno analizado e bautismado por Robert Brenner como "burbulla financeira",



ou o correlativo das famosas "turbulencias", ás que só falta que lles poñan nomes como aos ciclóns - "economía política da turbulencia global", rotularíao Giovanni Arrighi hai só tres anos. Moito máis graves, porén, e até letais, en toda a periferia do sistema económico mundial. Galiza, como economía periférica - só que europea, convén que reitere - non ficou á marxe dese turbulento acontecer globalizador. De xeito que se agravou unha súa patoloxía "conxénita", digámolo así, a saber : a carencia dun modelo de acumulación endóxena, que puidese cando menos contrarrestar a súa dinámica extravertida, como economía " sen fronteiras", a drenaxe do seu excedente económico monetarizado, o seu problema de crecemento "cara afora", constantemente reprodutor do seu histórico subdesenvolvemento - parafraseando agora ao recentemente finado André Gunder-Frank.

De feito, o núcleo do problema das economías periféricas pódese sintetizar en que a súa dinámica non se rexe conforme a modelos de acumulación xenuínos e internos a elas, senón á proxección sobre elas do modelo de acumulación do centro do sistema, a respecto do cal tódalas demais economías do planeta desempeñan funcións subalternas ou subsidiarias - mesmo no sentido literal da palabra. Dende o remate da IIª Guerra, os rexistros cruciais do modelo de acumulación mundial configuráronse conforme ao deseño do chamado "consenso de 1945", por referencia aos acordos de Bretton Woods - que por certo supuxeron a derrota política, que non científica, das teses de Lord Maynard Keynes. A creba, ou a metamorfose, dese deseño dende os anos setenta, substituído logo polo "consenso de Washington" coas sucesivas e mutantes peripecias polas que pasou nos dous decenios seguintes, abre precisamente a etapa da "globalización financeira", na que as institucións criadas en Bretton Woods - como o FMI e o BIRD - ou, a seguida, na Habana - o GATT e a OMC, esta curiosamente hibernada até os anos noventa - pasaron a funcionar á inversa das finalidades para as que foran criadas, até configurarse o que Peter Gowan bautismou, expresivamente, como "régime dólar - Wall Street" (RDWS), no que o sistema monetario internacional - di Gowan - convértese nun mecanismo do imperialismo económico dos USA, baseado na posición privilexiada do dólar non convertíbel, equivalente a un dereito de "señoriaxe", é dicir, o tributo medieval que se pagaba ao señor ou ao rei pola acuñación de moeda - e que tamén se empregaba para expresar a diferenza entre os valores real e nominal dela. De xeito que as moedas e economías do resto do planeta subsidian de facto - literalmente, repito - ao dólar e, ao seu través, aos hexemónicos mercados financeiros norteamericanos, ou mellor dito angloamericanos, do sistema globalizado - como podía acontecer no Imperio Romano, con licenza pola extrapolación que, por certo, efectúa con rigorosa ironía Emmanuel Todd no seu penetrante "Despois do Imperio".

Pero, qué ten a ver isto coa economía galega? - preguntarán a maioría de vostedes, non economistas por fortuna. Pois moito máis do que poida parecer. Voulles pór un exemplo da nosa historia económica máis recente. En plena transición política,



acométese a realización do complexo alúmina-aluminio de San Cibrán, na Mariña luguesa. Socios principais : ALCAN e PECHINEY - dúas das cinco meirandes transnacionais do planeta, canadense e francesa respectivamente - e máis INESPAL, a empresa do INI nese sector. Entre os socios máis cativos, Aluminios de Galicia, do grupo Barrié. Complexo industrial típico "de enclave", localizado aquí para nutrirse, a baixo custe, da enerxía eléctrica da mega-central térmica das Pontes, instalada case simultaneamente. Digo mega-central porque unha soa das súas catro turbinas equivale a máis de dúas veces a potencia instalada do salto de Belesar, no Miño. San Cibrán entra en produción a comezos dos oitenta e, case de inmediato, fai unha suspensión de pagos. Qué acontecera?. O financiamento externo do complexo fora fornecido primordialmente polo Chase Manhattan Bank, mediante un empréstimo a servir e amortizar en dólares conforme á súa cotización corrente - ou sexa, de cada ano. Dende 1981, co acceso ao poder de Ronald Reagan - que, co de Margaret Thatcher, marcara o comezo da globalización e a entrada en tromba das políticas ultraliberais - encetárase unha política de alza veloz e constante da cotización do dólar. A repercusión sobre as finanzas do complexo de San Cibrán fora fulminante. Por certo, a auditoría sobre esa precoz crise financeira foi realizada por unha empresa de servizos profesionais vinculada ao grupo Chase Manhattan - para que todo ficase na casa. Por certo tamén : a ampliación de capital, acordada para resolver a suspensión de pagos, caeu enteiramente nas costas de INESPAL - ALCAN e PECHINEY non aportaron nin cadela, optando por reduciren a súa porcentaxe de participación no capital. Así comezou un dos proxectos "estelares" de industrialización da Galiza, simultáneo co arranque da autonomía política - convidado de pedra nese proceso - que combinaba a metalurxia de base, coa produción eléctrica e a mineira dos lignitos pardos, dacabalo de Ferrolterra e a Mariña occidental. Iso si : As Pontes seguirían fornecendo a San Cibrán arredor dun terzo da súa produción eléctrica a prezos privilexiados por debaixo do custe de produción, até o virtual esgotamento actual dos seus xacementos de lignito. Xa ven como funcionou, nesta mostra, a combinación da dotación de recursos naturais, coas vantaxes comparativas e os resortes financeiros, para o desenvolvemento da periférica estrutura económica galega no marco do modelo de acumulación do sistema globalizado, mesmo antes da cristalización do RDWS (régime dólar - Wall Street) definido por Gowan.

Certo é que no plano estrito dos fenómenos monetario-financeiros, e por carecer Galiza de Estado e moeda propios - que algunha vantaxe tiña que ter esa carencia, digo eu - a economía galega como tal non padeceu un dos máis graves andazos que sufriu a periferia do sistema dende a perversión do modelo Bretton Woods : a exacerbación até dimensións paroxísticas do problema da débeda externa - convertida na máis brutal forma de espoliación do "terceiro mundo" na etapa da globalización, que o premio Nobel da Paz oriúndo de Combarro, Adolfo Pérez Esquivel, non dubida en cualificar de auténtico xenocidio nas súas consecuencias



sobre as catro quintas partes da poboación do planeta. Venme á memoria unha ilustrativa anécdota atribuída a Robert Triffin. Disque nunha ocasión, ao remate dunha sesión de aulas en Yale, saíu a tomar café cun grupo de alumnos. No intre de ir pagar as consumicións, mentres algúns estudantes facían aceno de botar man ao peto, el preguntoulle ao camareiro de onde era o café que viñan de tomar. Contestoulle o mozo : "de Brasil". E vai Triffin e dilles aos rapaces : "Deixádeme convidarvos, que a fin de contas acabamos de tomar café gratis". Naquelas datas, o servizo da débeda externa brasileira en dólares, ascendía a unha cifra superior ao valor das súas exportacións de café. Nese mesmo período Galiza non tiña, formalmente, débeda externa que amortizar. Mais os ingresos polas súas peculiares exportacións de café, digo de forza de traballo, ou sexa as remesas dos seus emigrados en Europa, tal coma chegaban ás oficinas dos intermediarios financeiros en Galiza, íanse na maior parte financiar créditos e investimentos fóra do noso país mediante as operacións activas deses mesmos intermediarios. E o recentemente nado poder político autónomo, mesmo denantes da desregulación neoliberal da circulación internacional dos capitais, non só carecía de potestades constitucionais para impedilo, limitalo ou controlalo, senón que tampouco dispuña en realidade de poderes para deseñar un modelo de acumulación autóctono -lembrádevos do xa explicado verbo das competencias exclusivas "ma non tanto", digámolo así agora, con humor. E os resortes dispoñíbeis para regular en certa medida a vehiculización do aforro cara a formación interna de capital, tampouco os utilizou - por exemplo mediante a creación dun entramado institucional que eu mesmo propuxen, no meu labor político parlamentario, mais que os titulares do poder non estimaron, e os votantes non me outorgaron o mandato necesario para facelo eu mesmo. En conclusión, o conxunto de fenómenos aos que veño de facer referencia, e outros análogos que omito, deron lugar a que o motor do crecemento da economía galega funcionase nestes decenios como o dun vehículo cos condutos do carburante, o cárter e os cilindros furados. O resultado resúmese en que a economía galega, no canto de converxer coas máis avanzadas do seu contorno peninsular e europeo, seguiu a diverxer delas, e que nos apuntásemos o mérito de entrarmos no MCE, hoxe UE, sendo "rexión obxectivo número un" - ou sexa, das máis subdesenvolvidas entre as máis de duascenas da Unión - e inda hoxe continuemos a estar nese grupo privilexiado. Entre mentres, un país periférico como Irlanda, que daquela tiña a súa renda por habitante a un nivel inferior en máis dun terzo á media europea, hoxe está nos primeiros postos dese ránking. Pero tamén a comunidade Autónoma de Euskadi, que ten o mesmo rango constitucional que a nosa, e padeceu unha grave crise industrial e reconversións ben drásticas, pasou de estar case un vinte por cento por debaixo da media europea a superala hoxe amplamente. Xa que logo, non todo é atribuíbel ás causas esóxenas e ao contexto da globalización neoliberal : algo teñen que contar as clases dirixentes indíxenas e o gremio ocupante das institucións do poder autónomo. E téñeno especialmente a respecto do segundo dos elementos



que eu enunciaba ao comezo desta demasiado delongada digresión : o que situei na instancia da superestrutura política.

De feito o ultraliberalismo globalizador operou unha profunda metamorfose na articulación e funcionalidade do Estado. Vexámolo. A mutación opérase, por unha banda, no artellamento e xerarquía entre as tres instancias do poder democrático e as súas respectivas xurisdicións - lexislativo, executivo e xudicial. Mais tamén, por outra banda, na relación triangular entre poder social - ou, singularmente, poder económico - poder político e cidadanía. Deixarei á marxe das miñas consideracións a primeira desas dúas metamorfoses operadas polo neoliberalismo - máis descaradas cando é "ultra". Só quero sinalar que esa deturpación do modelo de Estado - do liberal, paradoxicamente - adoita volveuse máis ostensíbel en construcións políticas supra-estatais como a CEE-UE, onde o Parlamento en principio non lexislaba - facíano a Comisión e o Consello - e inda hoxe só "co-lexisla", estraño híbrido : eis o famoso "déficit democrático", timidamente cualificado así nos debates arredor dos sucesivos tratados da UE, dende o de Maastricht en diante, até o mal chamado constitucional, avariado polos referendos francés e holandés. Fago esta paréntese pola relevancia que ten esta anomalía para a práctica institucional do noso poder político autónomo. De feito : sendo o Estatuto unha lei orgánica do Estado, que desenvolve directamente a Constitución, e atribuíndolle ao Parlamento galego competencia exclusiva para lexislar en determinadas materias, resulta que esa potestade pode ficar obstruída e anulada por unha simple directiva da UE na mesma materia, ou sexa, polo equivalente dunha simple orde ministerial, ou ao sumo dun decreto. Ten acontecido así en debates lexislativos na cámara galega nos tres últimos lustros, un deles moi soado sobre unha proposición de lei de ordenación gandeira. Comprenderán vostedes a gravidade do problema : a qué fica reducida así a capacidade de pór en práctica unha política agraria "ad hoc" para os intereses do campesiñado galego?. E é só unha mostra.

Pero a segunda faciana da devandita metamorfose ten máis grave e directa repercusión aínda sobre a política económica. Trátase de que a mutación operada dá lugar a que o poder económico actúe xa fóra do control do poder político, mercé á combinación de desregulación máis privatización xeneralizadas, e por tanto á marxe do control democrático da cidadanía. As consecuencias son múltiples. A máis medular e totalizadora consiste en que os cidadáns, no canto de poderen actuar como titulares que son da soberanía democrática, acaban reconvertidos en súbditos, controlados e dirixidos con métodos condutistas nas súas actitudes, percepcións e reaccións polo poder económico, maiormente a través do poder mediático. Cando os poderes económico e político sintonizan na mesma lonxitude de onda ideolóxica neoliberal, a situación aproxímase á dun totalitarismo larvado ou disfrazado. Cando as respectivas lonxitudes de onda non sintonizan - poñamos por caso, con gobernos socialdemócratas - a presión do poder económico sobre o político acrecéntase e



pode chegar, e mesmo chega, á chantaxe e ao boicot - agravados polo deterioro dos resortes convencionais do poder institucional do Estado denantes aludidos. Este fenómeno resulta singularmente letal para a acción institucional característica do Estado do benestar, como son as políticas orzamentaria, fiscal, monetaria, laboral, de rendas e de redistribución, servizos públicos e sociais de cobertura universalizada, e así seguido - que entran literalmente en creba. Non é preciso que me estenda para que comprendades a gravidade do problema para economías e sociedades como a galega, e para a marxe de manobra e decisión en política económica e social dun poder simplemente autónomo como o configurado nas actuais institucións de autogoberno galegas. Polo demais, os efectos están á vista, dende o acontecido con sectores economicamente estratéxicos e socialmente vertebrados, até as posicións de cola nos ránkings "rexionais", tanto peninsulares coma europeos, dos indicadores de servizos, equipamento e benestar sociais "stricto sensu".

Nesas mesmas claves reside tamén, en boa medida, a explicación dos efectos máis negativos para a economía galega da súa integración na UE, a través da adhesión do Estado español á daquela CEE. Non estou a dicir que os efectos fosen todos negativos : houbos dos dous signos contrapostos. Si que estou a dicir, en troques, que a explicación dos problemas xerados por esa integración áchase primordialmente no nivel da superestrutura xurídico-política, e non no da base ou estrutura económica mesma. Por unha banda, con ser a economía galega subdesenvolvida e periférica, as condicións e efectos desa súa integración terían sido diferentes se Galiza dispuxer dun aparello de Estado que lle permitise pactar as condicións de entrada directamente ela mesma e nas coordenadas dos seus propios intereses prioritarios. Por exemplo, centrándose na defensa dos seus sectores produtivos estratéxicos e do potencial das súas especializacións produtivas na DIT - para empezar, no espazo dese mercado común europeo - no canto de seren utilizados como moeda de cambio na negociación feita polo interlocutor interposto : pesca e complexo mar-industrial, construción naval, economía agraria de carácter atlántico e non mediterráneo, etc.

En troques, nas condicións pactadas polo Estado, a pesca galega, por exemplo, non entrou realmente no MCE : aplicóuselle un longo período de transición durante o cal o sector pesqueiro non se atopou en paridade de status e dereitos cos dos outros países membros da CEE, cunhas cotas de pesca en caladoiros comunitarios fixadas conforme ao "statu quo" anterior ao ingreso de España. Ou mellor diría que a pesca galega ingresou, si, na Comunidade, pero só para as duras, e non para as maduras. De non ingresarmos, estaríamos na vantaxosa posición pesqueira de Noruega, por caso. E a conserva tamén pasou pola sala de espera, sometida a outra fase transitoria na que a cota de exportación ao mercado común era inferior ao concedido a Marrocos por un simple tratado comercial preferencial. Mais velaí : os



produtos pesqueiros galegos, ao natural ou conservados, criábanlle á Comunidade un sensíbel problema para os seus excedentes de produtos cárnicos no mercado alimentario de proteínas animais, agudizado pola baixa elasticidade-renda da demanda de alimentos de consumo masivo - non de "gourmet". É só unha mostra ilustrativa dos termos da cuestión - mostra tomada do complexo produtivo que se formou na economía mariñeira e constituíu o primordial motor industrializador e modernizador da economía galega a longo de todo o século XX. E eses termos da cuestión, repito, evidencian que o problema non estribaba na competitividade ou non da base produtiva galega, senón nas regras de xogo que lle impuña o marco xurídico-político - tanto o estatal coma, neste caso, o da CEE - combinado coa carencia dun marco de decisión política propio, acaído e suficiente.

Mais, por outra banda, cadrou historicamente que o poder sobranceiro das institucións políticas europeas deu o salto de configurarse como un verdadeiro supra-estado dacabalo da vaga da globalización neoliberal, que escacha na Europa continental precisamente neses momentos. É dicir, que iso condicionou a configuración que, na transformación da CEE en UE, se deseñou nos tratados de Maastricht e Amsterdam. De feito, as eivas xa sinaladas na metamorfose do Estado operada polo neoliberalismo, reflíctense no deseño da UE, a empezar pola opción de configurala primordialmente como unha unión monetaria e, correlativamente, estruturala para a práctica dunha política económica fulcralmente monetarista, antitética das políticas keynesianas de pleno emprego, redistribución do ingreso e benestar social. É singularmente significativo que se deseñasen as institucións reitoras da política monetaria - o SBCE, co Banco Europeo no seu cume - á marxe do control polo poder político e democrático, e que a estratexia do proceso de transición cara a consolidación da Unión, coa entrada en vigor do euro - ou sexa, as chamadas políticas de "converxencia" - consistise nun calco das "políticas de axuste" impostas polo FMI ao ancho do planeta, cos desastrosos efectos ben coñecidos para toda a periferia do sistema. Ese deseño neoliberal foise exacerbando nos sucesivos tratados e roldas presidenciais da UE, até desembocar na versión alarmantemente ultraliberal do sucedáneo de constitución europea contido no chamado tratado constitucional, aínda pendente de ratificación por mor dos xa mencionados referendos francés e holandés.

O enfoque monetarista da unión económica, o deseño progresivamente ultraliberal do aparello supra-estatal da unión política, sen entrarmos polo miúdo no seu feitío, todo iso construíuse e moveuse en sentido inverso do necesario para a viabilidade dunha estratexia de desenvolvemento e procura do benestar da economía, a sociedade e o común cidadán da Galiza. E por riba, as sucesivas maiorías parlamentares e gobernos da autonomía galega sintonizaban na onda ideolóxica e política neoliberal que imprimía carácter e dirección ao proceso, e contribuían por tanto, no seu eido de poder, a conducir á economía galega na dirección inversa da



que a nosa sociedade precisaba, meténdoa polo carreiro da inevitábel diverxencia mentres invocaban o propósito de converxer con Europa, e estragaban ou malgastaban boa parte das transferencias de fondos europeos, estruturais ou de cohesión - ou sexa, os valiosos recursos concedidos para aliviar os impactos negativos, para neutralizar ou paliar a diverxencia. Non foi Galiza só, por suposto. Hoxe, no espazo da UE, as distancias que miden o desenvolvemento desigual - tanto "rexional" ou territorial coma social, en niveis de ingreso e patrimonio, en dotación de bens, servizos e capital sociais, en dimensión das "bolsas de pobreza", en magnitudes do paro e da exclusión - todos os indicadores desas diversas distancias, desas diverxencias internas, desas múltiples formas de desigualdade - incluída a desigualdade perante a lei e o poder político - todas elas son moito máis grandes hoxe que hai un cuarto de século. O "Estado do benestar" convértese nun "Estado do malestar xeneralizado", o "Estado providencia en "Estado penitencia", o "Estado social" en "Estado penal" - con rótulos, estes últimos, do lúcido ensaísta Loïc Wacquant, que non cansarei de citar mentres non mude o curso deste proceso que ameaza con destruír, inclusive, o modelo de Universidade pública construído precisamente pola historia social e cultural de Europa no ciclo plurisecular da modernidade.

Renuncio, por razóns obvias de espazo e tempo, a trazar aquí o retrato da economía galega ao día de hoxe, en paralelo a como renuncio a analizar avaliativamente a traxectoria das políticas económicas practicadas polo poder autónomo no período da súa existencia e actuación. Deixo estes temas para unha próxima lección. Só, para concluír a análise diagnóstica aquí desenvolvida, farei uso dalgunhas palabras do profesor Vence Deza. Son estas : "o proxecto de progreso social ha de construírse sobre a base do recoñecemento (identitario) e a igualdade como eixos articuladores do proceso de resocialización e democratización, que poñan cabo á ameaza desestruturadora e depredadora do proxecto neoliberal". E máis estouttras: "Mais compre (pór) xuntas a loita contra as *inxustizas na distribución* (dos recursos, da riqueza) e a loita contra as *inxustizas no recoñecemento das identidades*, (...) no ben entendido de que ambas familias de inxustizas van normalmente ligadas e refórzanse mutuamente".

Cómpre, xa que logo - digo eu agora - recuperar e restabelecer na acción de goberno os modelos e políticas de benestar económico fundidas en moldes de benestar social. E cómpre, así mesmo, obter - pois non se recupera o que non se tivo nunca - as institucións propias dun poder de libre e democrática decisión política acaído e suficiente para deseñar e executar as políticas de benestar nas claves congruentes coa patoloxía socioeconómica que cómpre artellar e remediar, a da economía e a sociedade galegas, que seguen a ser atípicas para os modelos elaborados co prisma do centro do sistema. Ou, se me permitides retornar aos postulados iniciais desta disertación : con lentes non deformantes emprestados,



senón con lentes de fabricación propia. Dixérao hai ben anos xa don Ramón Otero Pedraio, claro: cada cultura “é dona dun sistema inicial de interpretación do mundo” e, “inda aceptando a fórmula xeral dun tempo, tradúcea á súa propia maneira de ser”.